

## Fado

**Francisco Souto**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

SOUTO, FRANCISCO (2011 [1998]). *Fado*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/384>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

SOUTO, FRANCISCO (1998). *Fado*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

\* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



# Fado

Francisco Souto





# Fado

Francisco Souto



Fado  
© Francisco Souto  
Letras de Cal

Ilustración:  
Álex Calvo

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, abril 1998

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-4-4  
D. L.: PO 108/98





*baleirar os pulmóns  
na explosión do verso  
única definición que eu podo aceptar*  
[como metáfora  
(Chus Pato)]

*Un fracaso político deve ser remitido non  
á forza do adversario senón sempre ás  
feblezas do noso propio proxecto*  
(Alain Badiou)

*Quando o olho brilhou entendi  
quando criei asas voei*  
(Chico César)

*Teoría das xeracións poéticas (2)*  
*Matar o pai. Esnaquízalo e enterralo  
con cal vivo, para que a única lembranza  
que nos deixe sexan os versos que nos  
unxiron.*  
(Rafa Villar)





A pátria

pedra de canteiro  
medra no camiño

## Carnota

*para Marta, Alfredo e Aldán*

O areal ve-se desde o monte  
desde o céu  
desde os ollos que non miran  
desde a area

que reverdece acougo de paxaros

## “Muchacha en la ventana”

*por algun Dalí*

A ria  
devorava os fillos do solpor  
o mar inútil  
rozava apenas os pés da tarde

Na xanela  
Chus Pato  
debuxava con sal  
o abalo da maré

## Se Ana Mendieta

Abrirei un oco na terra  
do tamaño exacto do meu alento

Da promiscua floresta  
ao leite do río  
propagarei o rito deste incéndio  
luz nefasta

Eu son  
o galo degolado  
que esmorece nos teus peitos  
Son o barro calcinado  
A cicatriz e a pólvora

Abrirei  
Abrirei na terra  
un oco do tamaño exacto  
do meu verso

## Orvalla Galiza

A chuva  
Namorada dos teus ollos

**T**ño  
o priviléxio do teu colo  
entre os dedos

A pel morna  
A dozura velada do sangue

Ascendo  
con tremor  
as curvas do desexo  
e no cume  
non sei  
se  
premer  
o pulso definitivo da morte

## Samba

*cadê Vicente Mohedano*

Soñar  
cadê você

Sentir as horas  
cadê você

Unha casa no mundo  
cadê você

Todo e nada  
cadê você

A madrugada  
cadê você

A vida larga  
cadê você



**E**u vin fuxir o sol  
entre os peitos da amada  
Un

Beber a laranxa amarga do desexo

Fuga

*en Laura Quintillán*

As mapoulas orfas na seara das mans  
O paxaro da partida oculto nos ollos

Habito  
na guitarra triste  
triste  
dos teus abrazos

Mesturo os licores do teu corpo  
conforme antigas receitas  
gardadas no alzadeiro prohibido

Verto alcol  
e salgados zumes mestos  
no vaso alto do noso orgullo

Devoro-te guloso  
Apuras-me ditoso  
Incito-nos ao verso

**D**eita  
o cristal escuro da túa voz  
na caracola ávida dos ouvidos  
como a fonte dos ollos  
verte  
na lentura das tardes  
o areal

Ven  
e goza-me todo  
até o desexo proclamar  
a altura viva das marés  
na fin da terra

Ven comigo  
entra nas laranxas do abismo  
somos peixes do delirio

Mar

Sempre a voz do mar  
Sempre o xílgaro inaudito nos teus peitos  
A lentura do van cada nove ondas

E no gume das horas sempre  
E nas coitelas do solpor  
A voz sempre do mar

Sempre

O Mar

## Furtivos

*xunta Mesura*

A percebeira é unha illa  
A illa ten nome de peixe esquivo  
E os homes van

A lanchiña que os leva é de pau de laranxo  
a lua é unha laranxa apodrecida  
a lua debuxa cadaleitos nas furnas  
de entre os mortos nascen percebes

Os ollos vagos non ven  
son as mans acoiteladas as que cachean os tetos  
a rapa áxil

E logo a lonxa  
E a viaxe á Coruña ou Madrid  
E o prato na mesa  
E o sal na boca

Ese sabor a sal na boca  
como se a morte viñese cada nove ondas

## Havanera

*entre Álex e Nela*

Contruirei un mar de palabras  
arredor do céu do teu corpo  
illa clara

Descubrirei nas furnas  
os galeóns feridos das badias  
as gavetas afundidas dos tesouros  
os guacamaios da conquista  
os arcabuces  
as iguanas

En canto o sol desce  
coa tristura dos milénios sobre as laxes  
cinguirei de naus as tuas praias

**E**u vin fuxir  
o sol  
entre os peitos da amada  
Dous

Ouh! amar-se por internet



A guitarra triste no lentor da tarde  
o frio dos espellos sen a tua imaxe  
o areal deserto

e no canto inútil das fontes  
e na voz escura das águas  
o silencio

Todo  
estremece  
as laranxeiras do meu sexo

**T**odo  
acontece  
na palma da miña man

A inocéncia brutal da pedra  
O cristal roto  
A intempérie

A barricada acesa da pátria

*desde Joseba Sarrionandia*  
– Galeuzca 1995 –

**H**abito  
no exílio  
na porta de atrás  
de min mesmo

**O**s nosos pasos  
teñen o arrecendo cruel das idades

Bebemos o teixo do holocausto  
Sangramos na traizón irmandiña  
paseados milicianos da igualdade  
resistimos  
guerrilla esfameada a resistir  
fusil sen alento

Abril  
só palabra  
Laranxa amarga  
que sempre perdemos

*... o inverno  
era un home goso conducindo un trailer  
de vinte tons cargado de amosal...*  
(Ramón Caride Ogando)

**E**screvíamos  
unha e outra vez  
no areal deserto  
a secuénca inédita da pátria

pe  
a con til  
te  
erre  
i  
a

Tirávamos a pedra  
e agachávamos a man  
ensangrentada sempre da inocénca

Construíamos  
de amor e aciñeiras  
as naus da vitória

Na fuxida a nau nunca tiña leme

## Topografía

Temos  
na altura das nosas mans  
brancas  
o rexo teixo do holocausto

A sul do noso van  
esfameados  
aniñan os galos degolados da derrota

**F**alarei agora  
como se se me fose a vida  
como falo sempre  
porque para dizer fume  
é preferível ficar calado

E digo terra  
e case ulo o humus do souto  
a pegada afundida  
o crepitar obsceno  
involuntário  
do paso

E digo illa  
e un lagarto verde  
escorre-me entre as pernas  
e así vou nomeando as cousas todas  
como un deus crível

E entón no sétimo día digo home  
e a palabra atora-se  
e digo  
e non digo  
e cando vou dizer  
as balas que me han matar  
fechan-me a boca

e porén  
sigo a dizer a cada mais alto  
e xa ulo a pólvora do disparo  
a suor de quen acariña o gatillo  
e caio no chan  
e non digo xa mais nada  
que chegou  
e non chegou  
a fin

E vós  
que escoitades  
e contemplades o crime  
erguede a voz  
e cantade  
denunciade  
a miña morte



## Tanguia tangos

*con Manolo Souto*

Houbo un tempo de guitarras  
en que as ruas e os soños  
nos pertencían

**E**u vin fuxir o sol  
entre os peitos da amada  
Tres

Construirei  
a miña pátria  
co seu pube

*Por este froito que ningún puño pide*  
(Rafa Villar)

**E**sta é a pátria

Catro paredes sen tellado  
e unha maceira florida  
onde en tempos foi a sala

## Consciência

*segundo Itxaro Borda*

Esquecemos a rotación exacta dos cultivos  
Esquecemos as ervas de sandar  
Esquecemos os soutos e as laranxeiras  
Esquecemos as luas de torar a madeira  
Esquecemos o ritmo íntimo das marés no esteiro  
Esquecemos os anzois as dornas  
Esquecemos as postas do peixe  
Esquecemos os grilos de fender o seixo  
Esquecemos camiños e casas  
Esquecemos as fontes da madrugada  
Esquecemos dizer  
As palabras de dizer a pátria

## Terceiro Milénio

*tras Chus Pato e Manolo*

Esta é a visión

duas mulleres enloitadas  
e un carro de argazos pola estrada do esteiro

Interesa  
o seu esforzo na encosta  
o cansazo

A visión é apocalíptica  
As mulleres-gando carrexando a pátria

## Pátria

*con Pedro, Tati e Alfredo*

Coa dor dos séculos escuros  
co desexo nos límites do abismo  
co pudor do amante no incesto  
coa traizón da chuva sobre as laxes  
co camiño inédito e co medo  
coa inquietude dos meus brazos visionários

Negar-te é o meu fado

*Carta aberta ao Rafa Villar  
e/ou Batallón Literário da Costa da Morte  
e/ou Arre-Sentelha!*

Vós

que sabedes do suicídio do sol  
na fin da tarde  
que é como dizer na fin do mundo  
que erguedes a palavra  
de entre os mortos  
calcinados  
para nomear o que é vivo  
e sobrevive  
a cada aceno

Vós  
irmáns  
asi na rua  
como na aventura  
e no verbo unxido  
e no silêncio

Restaurade a palabra  
Reconstruïde o mundo

## Legatum Venituri

*contra O. Messiaen*

Calcina-me

Fai  
dos meus ósos  
o clarinete que sopra  
a música para a fin dos tempos

Unxe-te do meu verso





Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
27 anos despois da victoria cubana  
en Playa Girón.



Francisco Souto (A Coruña, 1962)

Son autor de obra *par*. Recoñezo-o. E non é tanto que carza de valor para chegar a ser *sen par*, tanto a ironía do panorama editorial galego que condena a miña obra *impar* a un retardado silencio. Has de saber, raro lector, que antes de *As árbores do incesto* (Espiral Maior, 1995) há un *Cain* que des-espera no prelo. E antes de *Fado* deberías ter vivido o canto emocionado de *As horas de Maria*. Agora que este *Fado* é xa realidade certa, agardo non estar lonxe de mais cando *Cain* e *As horas de Maria* vezxan a luz.

De min dizer tan só que prefiro a acción á adición.  
A palabra consciente ao verbo constante. O mito ao rito. A vida á literatura. A violéncia á inconsciéncia.

